

1º y 2º ESO

Criterios sobre a Avaliación Ordinaria

Coa lexislación vixente, o período comprendido entre a 3ª avaliación e a Avaliación Ordinaria dedicarase, a actividades de reforzo e recuperación para a preparación e a realización das probas finais, para o alumnado que non superase a materia e, actividades de ampliación e lúdicas , para o alumnado que a superase.

O alumnado aprobado quedará no grupo de referencia co/a profesor/a correspondente, mentres que o alumnado que non superase a materia irá ao Agrupamento onde o/a profesor/a realizará as actividades de reforzo necesarias.

Criterios sobre a cualificación na Avaliación Ordinaria

Para a obtención da cualificación de cada alumno/a procederase da seguinte forma:

- I. O alumnado que teña que recuperar algunha ou algunhas das tres avaliacións, realizará unha proba escrita sobre os contidos non superados. Neste caso, a nota final será a media aritmética desa proba e as notas das avaliacións aprobadas.
- II. O alumnado que tivera xa superada a materia poderá subir a nota na Avaliación Ordinaria ata un 0,5 máis sobre a media das tres avaliacións. Para acadar esa puntuación o alumnado debe mostrar interese e participar nas actividades ao mesmo tempo que debe asistir ás clases e ter un bo comportamento.

Criterios sobre a Avaliación Final

Coa lexislación vixente, o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de reforzo e recuperación para a preparación e a realización de probas escritas para o alumnado que non superase algunha ou todas as avaliacións, e a actividades de ampliación para o alumnado que acadase avaliación positiva na materia. O profesorado responsable para levar a cabo ditas actividades durante o devandito período será o mesmo que impartira clase no grupo ao longo do curso e, polo tanto, o que atenda na mesma aula a todo o alumnado do grupo-clase correspondente.

Criterios sobre a Cualificación na Avaliación Final

Para a obtención da cualificación de cada alumna/o procederase da seguinte forma:

- I. O alumnado que teña que recuperar algunha das tres avaliacións, deberá obter un 5 en cada unha das probas escritas que realice. Neste caso, a nota final será a media aritmética das tres avaliacións superadas.
- II. O alumnado que teña as tres avaliacións suspensas, terá que facer unha única proba escrita de toda a materia. A nota final será a obtida nesta proba.
- III. O alumnado que superara a materia poderá subir ata 0,5 puntos a media obtida durante o curso a través de:
 - 3º ESO.** Taller de matemáticas.
 - 4º ESO.** Resolución de problemas.

A obtención da nota do punto III obterase mediante a observación por parte do profesorado, e inclúe os seguintes aspectos:

- ✓ Interese e participación na resolución das actividades e dos problemas matemáticos, proporcionando ideas ou comentarios con fundamento.
- ✓ Entendemento do concepto ou conceptos matemáticos usados na resolución de actividades e problemas.
- ✓ Explicación detallada e clara na realización das actividades e na resolución dos problemas.

1º BACHARELATO:

MATEMÁTICAS I

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I

Criterios sobre a Avaliación Extraordinaria

Coa lexislación vixente, o período comprendido entre a Avaliación Ordinaria e a Avaliación Extraordinaria adicarase, a actividades de reforzo e recuperación para a preparación e a realización das probas extraordinarias para o alumnado que non superase a avaliación final ordinaria; e a actividades de ampliación para o alumnado que superase a avaliación final ordinaria. O profesorado responsable de levar a cabo ditas actividades durante o devandito período será o mesmo que impartise clase no grupo ao longo do curso, e polo tanto, o que atenda na mesma aula a todo o alumnado do grupo-clase correspondente.

Criterios sobre a Cualificación na Avaliación Extraordinaria

O alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación final ordinaria, deberá presentarse a unha proba escrita de toda a materia a finais de Xuño, nas datas indicadas pola Xefatura de Estudos.

O Departamento elaborará as probas extraordinarias de xuño para tódalas materias. O profesorado responsable do exame de cada materia será o mesmo que impartise clase no nivel ao que pertenza a devandita materia, co fin de homoxeneizar tanto os contidos como as súas puntuacións. A proba cualificarase sobre 10, sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 para superala.

ALUMNADO QUE PARTICIPOU NO INTERCAMBIO CON ITALIA

Terase en conta a todo aquel alumnado que disfrute de Estadías no estranxeiro, á hora de levar a cabo o seguimento da súa materia e de fixar as datas dos seus exames correspondentes.

Para o alumnado de 1º de bacharelato que participou no intercambio con Italia, realizado entre febreiro e abril, a cualificación en todas ás materias do departamento serán:

- Na segunda avaliación: a nota acadada polo alumnado no Centro de intercambio.
- Na terceira avaliación: a nota correspondente ao periodo de intercambio, terá un peso dun 10% sobre a cualificación total da avaliación.